

#NEG8M

POR UN MUNDO -REAL E VIRTUAL- EN IGUALDADE

A escola do século XXI segue a mostrar que, como denuncia Amelia Valcárcel, o espellismo da igualdade entre homes e mulleres non se sostén na realidade do ámbito educativo. A pesar da consecución dalgúns avances e das insistentes chamadas a que a escola sexa un espazo coeducador e libre de sexismo, a reformulación do modelo de transmisión de coñecemento e de ideas desde unha perspectiva de xénero está moi lonxe de ser sequera asumido como un obxectivo consensuado.

Atrevémonos a afirmar que isto é síntoma de que a naturalización da desigualdade entre homes e mulleres, xustificada implicitamente como corolario inevitable da diferenza biolóxica, continúa presente no sistema educativo. Desde as aulas vivimos o paradoxo de que a institución que máis ten contribuído ao avance social das mulleres no

século XX é, sen dúbida, unha ferramenta poderosa de reprodución da discriminación das mulleres do século XXI. A estrutura escolar é sexista, os currículos escolares son androcéntricos, os valores predominantes patriarcais... Isto explica en parte que, sendo

como é o diagnóstico crítico da realidade un obxectivo educativo irrenunciable, o 20% dos rapaces asegure que a violencia de xénero é “un invento ideolóxico”... Patriarcalismo, interrelacionado co clasismo social tradicional e coa filosofía neoliberal individualista, que demarca un posible territorio común de loita para todos os seres humanos que procuran unha sociedade fraternal e alternativa.

Nestas breves liñas de reflexión escollemos salienta, sumándoa ás reivindicacións históricas irrenunciáveis, a demanda “Por un mundo dixital inclusivo: Innovación e tecnoloxía para a igualdade de xénero”.

Hai tempo que se esvaeu a ilusión feminista de que o mundo dixital sería unha alternativa igualitaria que serviría para transformar o mundo real... Sabemos xa que en materia de xénero o que sucede en liña non só replica o que pasa no mundo real, senón que a interacción entre ambos espazos evidencia a capacidade do patriarcado de transformarse para se perpetuar: a fenda dixital súmase a tantas outras fendas para deixar as rapazas atrás, agora tamén en habilidades dixitais e acceso ás tecnoloxías; a violencia de xénero reproducese coas novas tecnoloxías da comunicación; a socialización masculina na violencia cara ás mulleres vehiculízase e recrúa a través da denominada “nova pornografía”, dando acceso desde a infancia a observar prácticas sexuais sen límites: convencionais, de risco, ilegais... así como a discursos negacionistas das diversas fendas de xénero.

Nunha era na que a tecnoloxía ten unha influencia excepcional na vida das novas xeracións -as primeiras nativas dixitais- o esforzo por que as oportunidades que abre a revolución dixital non palidezan fronte aos riscos de agravar as dinámicas de desigualdade de xénero (e outras desigualdades) debe ser prioritario para a sociedade e o sistema educativo, que xaora, debe asumilo como obxectivo propio. Neste 8 de marzo, desde Nova Escola Galega sumamos tamén a demanda dunha educación dixital inclusiva e feminista, para unha tecnoloxía transformadora que contribúa a que a igualdade deixe de ser unha reivindicación para se converter nunha realidade.

8 de marzo de 2023